



GALICIA - EUROPA

Mato preséntalle ao comisario europeo de Emprego o pacto polo rexuvenecemento demográfico de Galicia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar constatou que Galicia e a CE comparten a mesma inquedanza respecto ao envellecemento da poboación.
- ▶ Mato subliñou tras o encontro co comisario que CE e Galicia “camiñan na mesma senda” no desenvolvemento de políticas sociais e de emprego.

■ 2



A Xunta investirá ata 2013 preto de 175 millóns no Plan de Emprego Autónomo que se está a debater no seo do diálogo social

- ▶ O plan inclúe axudas para a toma de decisión emprendedora, para o inicio das actividades empresariais e para o asesoramento técnico e financeiro na consolidación e crecemento empresarial.
- ▶ A titular do departamento autonómico resaltou que a Xunta ofrece desde este ano por primeira vez en Galicia axudas para a contratación do primeiro traballador.

■ 3



Feijóo destaca que a Xunta prepara o primeiro Plan integral dun goberno de Galicia para as persoas con discapacidade que estará antes de rematar o ano

- ▶ Salienta que, nestes momentos de dificultade, o Goberno galego “reduce para manter o esencial”: “E o benestar social e a atención ás persoas con discapacidade é esencial”
- ▶ Explica que o Plan de Actuación Social 2010-2013 aposta pola autonomía persoal e a participación social das persoas con discapacidade
- ▶ Remarca que, con este obxectivo, a Consellería de Traballo e Benestar deseñou un Plan Específico de Emprego para a súa análise no seo do Diálogo Social.

■ 7

Informe do paro rexistrado

Galicia pechou outubro cun total de 223.894 persoas desempregadas, o que supón un aumento en 7.799

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, salientou en rolda de prensa que na evolución anual, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro deste ano, o número de parados creceu en 1.055, un repunte do 0,47%, mentres que no Estado se incrementou nun 4,14 por cento neste mesmo período.

■ 4

Sumario

Formación-Emprego	2-5	Xuventude	8
Informe do paro rexistrado	4	Breves	9
Benestar	6-7	Publicacións	9
Dependencia	7	Normativa	10-16

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións e Estatística
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Maquetación:	Antonio Lameiro Ces

Mato preséntalle ao comisario europeo de Emprego o pacto polo rexuvenecemento demográfico de Galicia



Beatriz Mato, co comisario europeo de Emprego e Asuntos Sociais, Laszlo Andor .

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentoulle ao comisario europeo de Emprego e Asuntos Sociais, Laszlo Andor, o pacto polo rexuvenecemento demográfico de Galicia promovido polo presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, para tratar de "invertir" a actual situación, marcada polos baixos índices de natalidade.

Ao termo do encontro mantido co máximo responsable europeo do ramo, a titular da Administración sociolaboral galega constatou que o Executivo comunitario comparte a mesma inquietudanza nesta materia, así como noutras como o envellecemento e a dispersión territorial da poboación.

Mato valorou que as dúas administracións "camiñan na mesma senda" na busca de medidas para paliar o problema. "Precisamente, nesas áreas son nas que está a traballar directamente a Comisión Europea e en concreto o departamento do comisario", sinalou.

Neste senso, a conselleira incidiu en que unha das conclusións que trouxo das diferentes reunións mantidas entre onte e hoxe en Bruxelas é que son "moitas" as rexións que están nunha situación simi-

lar no que se refire a aspectos como a baixa natalidade e o envellecemento poboacional, polo que é un "problema xeral" da UE.

Ao respecto, Mato indicoulle ao comisario que Galicia forma parte dun proxecto comunitario 'Dart: declive, envellecemento e transformación rexional', no que se estuda a situación demográfica na que se atopan 14 rexións doutros tantos países europeos e as posibilidades de mudar a actual estrutura da pirámide de poboación, que sitúa á comunidade como a segunda do Estado máis envellecida e a segunda coa menor taxa de natalidade.

Axuda vinculada a microcréditos para pemes

Por outra banda, o titular europeo de Emprego e Asuntos Sociais expúxolle á conselleira as posibilidades que ofrece a Comisión Europea a través das axudas vinculadas aos microcréditos. Neste senso, a conselleira sinalou que o acceso aos microcréditos é un aspecto importante para as pemes galegas e para Galicia, posto que máis do 80 por cento do tecido produtivo da comunidade está composto por pequenas e

medianas empresas.

En relación ao Fondo Europeo para a Adaptación á Globalización (FEAG), a responsable galega de Traballo e Benestar insistiu en que o seu departamento iniciará o estudo para impulsar un programa similar ao 'Empregatex' no sector do metal. Esta iniciativa, apuntou, ten posibilitado que 500 traballadores desempregados do eido téxtil reciban formación para a súa reinserción laboral noutros ámbitos de produción.

Finalmente, Mato convidou o comisario europeo a visitar Galicia para coñecer de primeira man os resultados deste proxecto e o uso dos fondos comunitarios, ademais de ver sobre o terreo outras iniciativas desenvolvidas polo seu departamento.

Diálogo Social

Así mesmo, a titular da Administración sociolaboral galega solicitoulle a Andor información sobre a apertura de novas liñas de cooperación conxuntas para establecer programas de emprego.

Nesta liña, Mato presentoulle os 15 acordos acadados no seo do Diálogo Social en Galicia e, neste punto, expúxolle ademais ao comisario que a Consellería está a traballar no deseño e impulso de catro plans para mellorar a empregabilidade e o acceso ao mercado laboral dos catro colectivos con especiais dificultades (mulleres; mozos e mozas; autónomos e persoas con discapacidade).

Programas de xuventude

Pola súa banda, e previa á xuntanza da conselleira co comisario de Emprego e Asuntos Sociais da UE, o director de Xuventude e Voluntariado da Xunta, Ovidio Rodeiro Tato, mantivo unha xuntanza con diversos responsables de xuventude da UE.

No encontro, os representantes europeos invitaron a Galicia a participar como socios en diversos programas centralizados en materia de xuventude, que xa foron postos en marcha pola propia UE, dada a experiencia da Comunidade autónoma en iniciativas similares.

A Xunta de Galicia investirá preto de 175 millóns no Plan de Emprego Autónomo que se está a debater no seo do diálogo social



Santiago, 21 de outubro de 2010.- A Xunta de Galicia investirá preto de 175 millóns de euros para a posta en marcha do Plan de Emprego Autónomo e Emprendedor 2010-2013, un documento que na actualidade se está a analizar para a súa aprobación na Mesa do Autónomo no seo do diálogo social. Así o avanzou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na inauguración da terceira edición do Congreso Nacional de Autónomos de Feaga, que este ano ten a súa sede en Santiago.

Mato destacou a aposta do Goberno galego pola mellora da situación dos autónomos dada a importancia deste colectivo na comunidade autónoma. Neste sentido, a conselleira apuntou que o Plan de Emprego Autónomo, enmarcado no Plan Autonómico de Emprego, é “a primeira iniciativa dun Goberno galego destinado especificamente a este colectivo”.

Explicou que o documento incluírá diversas medidas de apoio para a toma de decisión emprendedora e a súa materialización efectiva; para o inicio das actividades; e para o asesoramento técnico e financeiro na consolidación e crecemento empresarial.

Todas estas medidas articularanse a través de distintos eixos estratéxicos entre os que a conselleira resaltou piares como as axudas para a consolidación e mellora cualitativa do autoemprego autónomo e como as fórmulas empresariais de economía social.

Así mesmo, a titular de Traballo e Benestar concretou que outro dos eixos estará dirixido a aproveitar o potencial deste colectivo na creación

de emprego a través da formación dos emprendedores e emprendedoras e o apoio para a contratación dos servizos externos necesarios para mellorar a actividade empresarial. Ademais, Mato lembrou que na actualidade a Xunta está a conceder axudas para a contratación do primeiro traballador, unha iniciativa que se implantou por primeira vez en Galicia en 2010.

Beatriz Mato indicou que no ano 2009 máis de 4.200 autónomos e autónomas recibiron axudas da Consellería de Traballo e Benestar para o desenvolvemento da súa actividade profesional. Antes de que remate 2010, prevese que máis de 4.400 empregados deste colectivo perciban as subvencións.

“A aposta do Goberno galego cos autónomos é decidida porque o recurso do autoemprego é un mecanismo importante para a inserción laboral das persoas desempregadas”, indicou Mato, ao tempo que afirmou que o apoio da Xunta ao congreso tamén é “unha mostra do compromiso do Goberno galego con este colectivo e coa potenciación do autoemprego”.

“Os autónomos representan para nós un exemplo de sacrificio porque son capaces de asumir riscos, de poñer en marcha as súas iniciativas e de xerar emprego”, apostilou.

Neste sentido, recalcou que por cada autónomo que se dá de alta na Seguridade Social se xeran dous postos de traballo.

Os autónomos en Galicia

Na actualidade, o número de persoas afiliadas por conta propia á Seguridade Social en

España representa un 17 por cento, mentres que en Galicia representan case o 23 por cento. A cifra de traballadores autónomos supera os 232.000, é dicir, un de cada catro traballadores afiliados á Seguridade Social en Galicia pertencen a este colectivo.

Ao respecto destas cifras, Mato apuntou que o peso dos autónomos en Galicia acrecéntase se se considera a capacidade de traballo deste colectivo para xerar emprego indirecto.

“Estes datos non pasan desapercibidos polo Goberno galego e de aí o noso apoio decidido e permanente da Xunta ás iniciativas de promoción do emprego autónomo e de desenvolvemento da capacidade emprendedora en Galicia como fonte de riqueza e benestar social”, concluíu a titular de Traballo e Benestar.

http://www.xunta.es/c/document_library/get_file?folderId=271648&name=DLFE-8516.pdf

DIALOGO SOCIAL
EN GALICIA

Acordos asinados na Mesa Xeral
30 de xullo de 2010



INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 3 de novembro de 2010.- Galicia pechou o mes de outubro cun total de 223.894 persoas desempregadas, o que supón un aumento de 7.799 persoas con respecto a setembro. En termos relativos, este incremento é do 3,61 por cento.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa os datos do paro deste mes, que cualificou de "negativos", posto que aumentou o número de desempregados. Neste sentido, indicou que Galicia está ante un factor "claramente" estacional debido á finalización dos contratos asinados no período estival.

Ao respecto, Díaz López apuntou que o sector servizos foi onde máis aumentou o desemprego en termos absolutos, con 4.600 persoas, o que vinculou ao fin da temporada estival.

No Estado, o aumento do desemprego foi de 68.213 persoas, un 1,7 por cento en termos relativos, de modo que se situou nas 4.085.976 persoas en paro.

Con todo, sinalou que, aínda que os datos "non son positivos", continúan "na senda da contención de destrución de emprego". O ano pasado, en 2009, o aumento foi de 8.458 parados, fronte aos 7.799 deste ano.

Precisou, tamén, que no tocante á evolución anual, isto é, desde o 1 de

xaneiro de 2010 ata o 31 de outubro deste mesmo ano, o paro elevouse en Galicia en 1.055 persoas, o que representa en valores porcentuais un crecemento do 0,47. En España, no tocante á evolución anual entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro, o desemprego aumentou este ano en 162.373 persoas, un 4,14 por cento.


Así, Díaz López salientou que "sen ser datos bos, o comportamento en Galicia é notablemente mellor que no conxunto do Estado".

Ademais, a directora xeral de Formación e Colocación sinalou que en termos interanuais, o paro rexistrado subiu en todas as comunidades autónomas, estando o incremento relativo en

Galicia no 7,17%, fronte ao aumento medio do Estado do 7,29%. O total de parados na comunidade galega creceu en 14.971, malia que ese repunte foi inferior ao rexistrado en outubro do ano pasado, no que aumentou en 40.500 persoas.



Por provincias, o paro aumentou en todas elas, das que o maior incremento se rexistrou en Pontevedra (3.499 parados máis), seguida pola Coruña (2.068), Ourense (1.147) e Lugo (1.085).

Na evolución dos contratos, rexistráronse en Galicia en setembro un total de 58.920 contratos en Galicia, 5.774 menos que no mes anterior. Deste total, 5.101 foron indefinidos (8,70 por cento) e 53.819 temporais (91,30%).



	Parados mes	Variación relativa mes anterior
Ceuta	10.023	-1,13
Murcia	128.743	-0,38
Madrid	471.388	-0,05
Valencia	503.109	0,17
Canarias	260.273	0,2
País Vasco	132.345	1,38
Navarra	42.036	1,6
Cataluña	566.496	1,66
Andalucía	912.817	1,69
Castela e León	186.752	1,93
Melilla	10.664	2,25
Aragón	90.099	2,28
Extremadura	122.209	2,72
A Ríoxa	21.144	2,72
Asturias	78.140	2,81
Galicia	223.894	3,61
Cantabria	42.026	3,98
Castela-A Mancha	199.057	6,18
Illes Balears	84.761	10,59
TOTAL	4.085.976	1,70

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



A Xunta reformulará as políticas activas de formación para o emprego a fin de adecualas ás necesidades do mercado laboral

Madrid, 19 de outubro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou en Madrid que o seu departamento ten ultimado o "xiro" que aplicará ás políticas activas en materia de formación para o emprego co fin de adecualas ás necesidades do mercado laboral.

Na clausura dun seminario organizado pola Organización Internacional do Traballo (OIT) en Madrid onde expuxo as políticas activas de emprego da Xunta, a titular da Administración laboral galega explicou que a reformulación das liñas estratéxicas neste eido busca optimizar o rendemento dos recursos públicos nun contexto de crise, ao tempo que reforzar a calidade das accións formativas.

"Non se trata, polo tanto de facer máis cursos, senón de cumprir máis obxectivos", precisou a conselleira en referencia á obtención dunha formación axeitada e acreditable e á inserción laboral. Así, comprometeu programas formativos "máis axustados ao mercado de traballo" e orientados aos empregados, parados e empresas, sobre todo ás vinculadas a sectores estratéxicos da economía galega.

As accións dirixidas a desempregados estarán dirixidas prioritariamente a acadar certificados de profesionalidade co fin de que todos os alumnos obteñan unha acreditación oficial de validez estatal con efectos académicos e profesionais recoñecidos na lexislación vixente. Os cursos dirixidos a traballadores ocupados tamén estarán vinculados aos certificados de profesionalidade, ao considerarse que serán os máis adaptados ás necesidades do mercado laboral.

A conselleira sinalou que a oferta formativa "pretende actuar como elemento motivador para todos os integrantes do mercado laboral", sostivo. Así mesmo, o Goberno galego potenciará o autoemprego e a creación de sociedades cooperativas.

Aposta clara polas políticas activas de emprego

Mato defendeu a "aposta clara" da Xunta polas políticas activas de emprego, que priorizou fronte aos subsidios e que ve como a "fórmula máis axeitada" para incorporar e manter os traballadores no mercado laboral; fomentar a mellora continua da cualificación profesional e adecuar ao máximo a oferta e a demanda de emprego.



Beatriz Mato clausurou o seminario "O papel das políticas activas de emprego como resposta á crise. Experiencias comparadas"

Máis de 1.100 persoas desempregadas beneficiaríanse das 45 escolas e obradoiros de emprego que se porán en marcha neste trimestre

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar destina preto de 10 millóns de euros do orzamento de 2010 a estes programas mixtos de formación e emprego.
- ▶ O fin último destes proxectos é acadar a inserción no mercado laboral da maioría dos seus participantes.
- ▶ Na iniciativa, que se desenvolverá ata fin de ano, participarán tamén 200 profesionais que serán os encargados de coordinar as accións coas entidades promotoras.

Santiago, 24 de outubro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar fomentará a contratación de aquí ao 31 de decembro dun total de 1.112 parados e paradas a través dos seus programas mixtos de formación e emprego que inclúe tres modalidades: escolas obradoiros, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento. Na segunda convocatoria deste ano, o departamento autonómico destinará preto de 10 millóns de euros a un total de 45 proxectos que teñen como obxectivo último acadar a inserción no mercado laboral da maioría destas persoas.

A iniciativa da Xunta beneficiará ademais a preto de 200 profesionais que ocuparán os postos directivos, de xestión e docentes. Eles serán os encargados, en coordinación coas entidades promotoras, da boa marcha de cada un dos plans.

O Goberno galego espera que preto dun 70 por cento dos participantes cheguen á meta final deste programa, a inserción real no mercado laboral. Esta previsión faise tendo en conta os resultados de ocupación laboral que recolle o Servizo Público de Emprego Estatal para estas accións concretas, dos que se desprende que un 83 por cento logra a inserción no caso das escolas obradoiros e preto do 70 por cento nos obradoiros de emprego.

Estes programas mixtos de formación e emprego teñen unha dimensión tripla. Por unha banda, busca mellorar a empregabilidade dos traballadores ao ofrecerlles unha formación para o emprego en alternancia co desempeño dunha actividade real e produtiva de calidade, da man dos expertos que as imparten; por outro lado, ten unha notable utilidade social, xa que acada a realización de actuacións de mellora das dotacións públicas no ámbito local, que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para toda a sociedade; e, por último, estes programas permiten a colaboración institucional entre a Xunta, as entidades locais e as distintas asociacións que promoven estas accións.

Tanto as escolas obradoiro coma os obradoiros de emprego destínanse aos colectivos de desempregados e desempregadas que teñen especiais dificultades de inserción no mercado laboral. Na selección dos alumnos participantes estase a valorar, de xeito preferente, as persoas desempregadas que teñan esgotadas as prestacións por desemprego, dada a complicada situación do mercado laboral.

Para poder participar nestes proxectos as persoas interesadas deben estar en situación de desemprego e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, ser maior de 16 anos e menor de 25, para escolas obradoiro e de 25 ou máis anos no caso dos obradoiros de emprego. Finalmente deben cumprir tamén os requisitos establecidos para poder formalizar un contrato para a formación.

A segunda comisión de valoración deste ano celebrouse esta semana e nela se aprobaron un total de 45 proxectos (43 obradoiros de emprego e 2 escola obradoiro) dos 154 que se presentaron. Inicialmente xa foron rexeitados 46 ao non cumprir coa documentación esixida para formar parte deste programa, polo que á fase final chegaron 108 plans.

Na valoración dos proxectos tivéronse en conta ata un total de 11 criterios: número de persoas desempregadas; perspectivas de emprego do colectivo participante; adaptabilidade do proxecto para a participación dos sectores sinalados como preferentes polo Servizo Público de Emprego de Galicia; carácter innovador do plan; a dedicación á implantación de servizos personalizados de carácter cotián; a calidade do proxecto e do plan formativo cara á obtención do certificado de profesionalidade; o ámbito de actuación superior ao municipal e as achegas da entidade promotora; a participación dos axentes económicos e sociais e o número de proxectos similares promovidos con anterioridade pola entidade solicitante, así como os seus resultados cualitativos e cuantitativos.

O Rexistro Unificado de Maltrato Infantil permitirá simplificar os trámites de notificación e reducir os tempos de intervención



Santiago, 22 de outubro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil (RUMI), unha ferramenta informática de notificación e rexistro do maltrato, que estará aberta inicialmente aos profesionais do ámbito educativo e ás forzas de orde pública.

A titular do departamento autonómico destacou que este novo instrumento permitirá "simplificar os trámites de notificacións" dos supostos casos de maltrato, ao tempo que tamén "reducirá os tempos de intervención" dos equipos de menores. Trátase, en definitiva, dun "instrumento primordial de cara a avanzar na protección e defensa dos dereitos da infancia galega".

Máis en concreto, a posta en marcha do RUMI permitirá avanzar en catro liñas estratéxicas. A primeira delas é que porá a disposición dos profesionais do ámbito policial e educativo un "instrumento de apoio" que "simplificará en grande medida" a súa actuación ante unha situación de risco.

Ademais, como segundo núcleo, esta ferramenta permitirá incrementar a efectividade e reducir os tempos de intervención dos equipos de menores ante un indicio de maltrato, xa que se acurtan os tempos de comunicación e o rexistro permite efectuar tamén unha valoración inicial de cada caso.

O terceiro eixo céntrase nunha mellora da infor-

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou hoxe esta ferramenta informática, que estará aberta na súa primeira fase aos profesionais do ámbito educativo e ás forzas de orden público.
- ▶ Desde xa, comezará a implementarse o proceso de alta das persoas autorizadas para ser usuarias deste servizo.
- ▶ Este rexistro permitirá axudar a que "ningún caso de maltrato infantil poida derivar en situacións de maior risco por falta de canles de información axeitadas".

mación a nivel estatal, xa que o RUMI facilitará o achegamento de datos ao Rexistro de maltrato estatal. Por último, o rexistro ofrecerá unha "valiosa fonte de datos que permitirá coñecer en profundidade a realidade e planificar actuacións futuras", concluíu Mato.

O rexistro estará, na súa primeira fase, aberto aos profesionais das forzas de orde público "por ser os profesionais de protección á infancia máis coñecidos pola poboación en xeral e a quen primeiro acoden", e aos profesionais do ámbito educativo porque "pasan moito tempo en contacto directo cos nenos e nenas". Con todo, estará aberto ás incorporacións dos eidos sanitario, social e xudicial.

Con respecto a súa accesibilidade, o rexistro terá acceso a través dunha web e en cada centro de traballo destes colectivos profesionais haberá unha persoa autorizada como usuaria para a realización das notificacións a través do rexistro. De feito, desde xa mesmo, comezará a implementar o proceso de alta das persoas autorizadas como usuarias do servizo.

Funcionamento

O funcionamento do rexistro iniciase coa notificación dun posible caso de maltrato, do que se realizará unha "avaliación inicial" que se especificará segundo un "listado pechado", que inclúe, entre outras variables, a tipoloxía do maltrato, os síntomas, o nivel de gravidade, ou se é unha sospeita ou confirmación.

No momento que se dá de alta unha notificación no programa, esta recíbese automaticamente no Servizo de Defensa do Menor da Xunta de Galicia, ao tempo que se recibe tamén nos servizos de menores das delegacións territoriais, onde haberá un técnico responsable desta recepción.

Desde este instante, ponse en marcha un protocolo específico de actuación por parte dos

equipos técnicos do menor, co fin de comprobar a veracidade do maltrato e realizar unha diagnóstico pormenorizada. Todos estes trámites levaranse a cabo, segundo explicou a conselleira, "desde a máxima profesionalidade e confidencialidade".

Ademais, todo este proceso permite "reducir os tempos e superar tamén posibles deficiencias de comunicación entre os profesionais". O obxectivo final é que "ningún caso de maltrato infantil poida derivar en situacións de maior risco por falta de canles de información axeitadas", asegurou Mato.

Neste sentido, defendeu que a "notificación é o mellor camiño para rematar cos casos de desprotección e maltrato infantil" e apelou á responsabilidade da sociedade no seu conxunto porque "todos e todas podemos facer algo pola protección dos dereitos da nosa infancia".

Así, a conselleira destacou que calquera persoa, non só os profesionais, poden e "deben" colaborar na detección e notificación do maltrato infantil. Neste sentido, lembrou que para iso existe o Teléfono da Infancia, o 900 333 666, unha liña gratuíta en funcionamento desde 1994. Este teléfono, seguindo o proceso de implantación dun único número de axuda á infancia en toda Europa, modificarase e pasará a ser a comezos de 2011 o 116111.

En resumo, a posta en marcha do RUMI obedece, segundo declarou Mato, a que "só tendo coñecemento dos casos, poderemos rematar con estas situacións".

Ao respecto, a conselleira lembrou que a concepción actual do maltrato trascende ao "maltrato físico" e o define como toda aquela situación non accidental que priva aos nenos e nenas dos seus dereitos e benestar, ameazando ou interferindo no seu desenvolvemento integral.

A Xunta incrementa un 3% as pensións non contributivas para case 50.000 galegos, que percibirán unha paga extraordinaria de 206 euros antes de que remate o ano

Santiago, 21 de outubro de 2010.- O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, anunciou, na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, que o seu Goberno destinará 9,9 millóns de euros para que "case 50.000 pensionistas galegos perciban unha paga extraordinaria de 206 euros antes de rematar o ano".

Neste sentido, o xefe do executivo autonómico salientou que dita paga supón unha actualización do 3% que será aplicable "aos galegos que están cobrando as pensións non contributivas". "Cobrarán esta paga extraordinaria –explicou– as persoas beneficiarias das pensións non contributivas, as que perciban o fondo de asistencia social e as que cobran o subsidio de garantía de ingresos mínimos".

Feijóo avanzou, tamén, que os beneficiarios percibirán esta pensión "no próximo mes de novembro", facéndose de modo automático o ingreso dos 206 euros: "Se realizará de oficio, por parte da Administración Pública, a través dunha transferencia bancaria nas contas onde os beneficiarios teñan domiciliada a súa pensión".

Esta actuación, recordou Feijóo, permitirá cumprir "o compromiso de que se cobre esta paga extraordinaria antes do mes de xaneiro", e "nunha época de extraordinaria dificultade", acadando a meta de "actualizar as pensións en Galicia fronte a conxelación das pensións por parte do Goberno central".

"Mantivemos, na medida das nosas posibilidades, o poder adquisitivo no ano 2009; agora o mantemos durante o ano 2010; e xa lles anticipo que nos Presupostos do ano 2011 tamén se manterá o poder adquisitivo das pensións non contributivas en Galicia coa súa actualización a finais do próximo ano", incidiu.

A Xunta é premiada pola Federación Española de Familias Numerosas pola súa xestión nos programas desta área

Santiago, 28 de outubro de 2010.- A Federación Española de Familias Numerosas vén de concederlle este premio á Xunta de Galicia polo seu apoio a iniciativas deste colectivo e pola súa participación en eventos organizados pola Asociación Galega de Familias Numerosas.

Así mesmo, a federación reconece a xestión da Administración autonómica en iniciativas de ocio e vacacións en familia, destacando o programa de verano que se desenvolve en Panxón e o de Montaña en Familia que se realiza na Estación de Manzaneda de Ourense.

Ademais, esta asociación tivo en conta tamén á hora de conceder o galardón a disposición da Xunta de incluír na futura Lei de apoio á familia e á convivencia as opinións e consideracións amosadas polos representantes das familias numerosas.

DEPENDENCIA

A Xunta prepara o primeiro Plan integral dun goberno de Galicia para as persoas con discapacidade que estará antes de rematar o ano

Outes (A Coruña), 24 de outubro de 2010.- O presidente galego destacou que a Xunta está a elaborar o Plan de Acción Integral das Persoas con Discapacidade, o primeiro plan integral e transversal dun Goberno de Galicia para as persoas con discapacidade, que estará antes de rematar o ano. Unha planificación que, segundo abondou Alberto Núñez Feijóo, está a supoñer un esforzo importante por parte de todos os axentes implicados, "pero que non nos impide ser conscientes de que aínda queda aínda moito por facer", explicou.

O titular da Xunta salientou, na entrega dos premios San Cosmeiro que se celebrou esta tarde en Outes, que o Goberno galego ten un criterio claro nestes momentos de dificultade: "Reducir para manter o esencial". "E neste sentido, o benestar social e a atención ás persoas con discapacidade é esencial", asegurou.

Así, Feijóo reafirmou o compromiso da Xunta coas persoas con discapacidade e manifestou que este se plasma en accións como o Plan de Actuación Social 2010-2013 que ten entre os seus eixes fundamentais a promoción da autonomía persoal e a participación social das persoas con discapacidade.

"Para acadar este obxectivo a Consellería de Traballo e Benestar, de acordo cos axentes sociais, deseñou, ademais, un Plan específico de Emprego 2010-2013 para as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión para o seu análise no seo do Diálogo Social", engadiu o presidente galego.

O titular da Xunta gabou o traballo da Asociación de Discapacitados da bisbarra de Muros, promotores do Centro Ocupacional de Diminuídos de Valadares. "A cidadáns coma vos, debémoslles os avances e o esforzo por facer de Galicia unha Galicia igualitaria, integradora e inclusiva", destacou.



Núñez Feijóo no acto de entrega do Sancosmeiro de Ouro.

XUVENTUDE

A I Feira Galega de Voluntariado arranca coa participación de máis dun millar de persoas e medio centenar de entidades



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou hoxe en Santiago o evento que se prolongará ao longo de catro xornadas
- ▶ A iniciativa é o punto de partida da celebración o ano que ven do Congreso Estatal de Voluntariado que acollerá Galicia coincidindo co Ano Europeo das Actividades que fomenten unha cidadanía activa
- ▶ A titular do departamento autonómico sinalou que a Xunta xa resolveu as alegacións remitidas ao borrador do anteproxecto da Lei de Acción Voluntaria.

Santiago, 21 de outubro de 2010.- A I Feira Galega de Voluntariado comezou en Santiago coa participación de máis dun millar de persoas e medio centenar de entidades de voluntariado. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou a iniciativa que será o punto de partida da celebración en 2011 do Ano Europeo das Actividades de Voluntariado que fomenten unha cidadanía activa.

De feito, a titular da área autonómica adiantou que a comunidade autónoma será o próximo ano a sede do Congreso Estatal do Voluntariado coincidindo con esta data.

Con respecto á Feira Galega de Voluntariado, Mato explicou que a súa principal finalidade é difundir o imprescindible labor que desenvolven as entidades de acción voluntaria e agradecer “o traballo xeneroso e altruísta” dos voluntarios.

Tras percorrer todos os stands que están a participar na feira, Mato destacou a aposta do Goberno galego por “unha acción voluntaria aberta

e universo” e, por iso, indicou que a feira se configura como “un espazo onde existe a participación directa da cidadanía”.

Ao evento, ademais das 50 asociacións que toman parte do mesmo, acudirán máis de 800 estudantes de bacharelato e FP. Así mesmo, máis dun centenar de persoas participarán no programa paralelo de conferencias que se celebrará mañá na Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria

O conxunto de relatorios que terá lugar na EGAP rematará co ‘World Café’, unha dinámica que se implantará por primeira vez nun congreso oficial de voluntariado en Galicia, coa que se pretende acadar conclusións no eido do voluntariado. Así, formaranse cinco grupos de traballo nos que se debaterán formas para contribuír a un futuro positivo do voluntariado na comunidade autónoma.

Con respecto aos relatorios, abordaranse, entre outros aspectos, o anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria, o Servizo de Voluntariado Europeo e o internacional.

Precisamente, Mato referiuse ao anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria lembrando que o borrador xa foi remitido en agosto ás asociacións de acción voluntaria para que fixeran as súas achegas. De feito, a conselleira anunciou que as alegacións xa se resolveron. Así, en próximas datas procederase á solicitude de informes da Xunta para posteriormente enviar o documento ao Consello da Xunta. O proxecto entrará no Parlamento o próximo ano.

“O noso obxectivo é facer unha normativa máis eficiente e efectiva e adaptala ás novas liñas do

voluntariado da Unión Europea”, preciso a titular de Traballo e Benestar.

O anteproxecto de lei propón, entre outros temas, como novo sector da acción voluntaria o fomento das novas tecnoloxías e incorpora a promoción do voluntariado corporativo. Ademais, tamén avoga por ampliar o rexistro de acción voluntariado.

Así mesmo, a conselleira recordou que a Xunta está a traballar na elaboración do Plan Galego de Voluntariado 2011-2015

Dous espazos diferenciados

O evento contará con dous espazos diferenciados. Por unha banda, na zona de expositiva atópanse os stands de cada unha das entidades que están a participar. Nestas casetas, as diferentes organizacións exhibirán ao longo de catro xornadas todos os seus proxectos.

O segundo espazo da Feira Galega do Voluntariado 2010 está dedicado ao desenvolvemento de múltiples e diferentes actividades de ocio, abertas a todo o público. Alí terán lugar desde actuacións de música e danza ata diversas exposicións e a realización de obradoiros de reciclaxe, globoflexia, botóns, papiroflexia, maquillaxe, esponxas ou de títeres.

En definitiva, o que a Xunta pretende co desenvolvemento da I Feira Galega de Voluntariado é un espazo de “cooperación horizontal e de converxencia multisectorial que dea visibilidade ás actividades solidarias e de traballo voluntario realizadas por entidades de acción voluntaria e os propios voluntarios e voluntarias”, concluíu Mato.

Máis de 350 labregas poderán beneficiarse das axudas da Xunta para promover a afiliación de titulares de explotacións agrarias

Santiago, 27 de outubro de 2010.- Máis de 350 profesionais agropecuarias galegas poderán beneficiarse da ampliación das axudas da Consellería de Traballo e Benestar para promover a afiliación á Seguridade Social das titulares e cotitulares de explotacións agrarias.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a orde pola que se fai público o incremento en 150.000 euros dos fondos destinados a esta liña de incentivos, cuxa contía inicial era de 500.000 euros, de forma que xa suman os 650.000 euros.

Os accidentes laborais aumentaron en setembro un 3,7%, mentres que os graves caeron un 24,1% neste período

- ▶ A sinistralidade laboral reduciuse na construción, aínda que se incrementou no resto dos sectores
- ▶ Os accidentes descendéron un 4,5% nos primeiros nove meses do ano en relación ao mesmo período de 2009.



Xuventude financia a través do programa de iniciativa xove un proxecto de adaptación técnica dos vehículos diésel para que funcionen con aceites reciclados

Vigo, 25 de outubro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, vén de financiar un proxecto impulsado pola asociación xuvenil Engranaxe de adaptación dos vehículos diésel para que funcionen con aceites reciclados. O departamento autonómico subvencionou este plan a través da orde de axudas para iniciativas xuvenís que recentemente se adaptou ás recomendacións da Comisión Europea na súa aposta por fomentar a participación xuvenil na sociedade.

Traballo inviste 300.000 euros en potenciar a formación e inserción laboral das persoas inmigrantes

Santiago, 26 de outubro de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar inviste un total de 300.000 euros en potenciar a formación e inserción laboral das persoas inmigrantes, a través da mellora das súas competencias profesionais e lingüísticas e da promoción das súas condicións de acceso ao emprego.

Estas actuacións pónense en marcha ao abeiro dun convenio asinado hoxe entre a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, e o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Antonio Fontenla.

PUBLICACIÓNS OUTUBRO 2010

As publicacións editadas pola consellería no mes de outubro son as seguintes:

- ▶ BITEB. Nº 56, outubro de 2010.
- ▶ Boletín del Instituto Gallego de las Cualificaciones. Nº 5.
- ▶ Boletín do Instituto Galego das Cualificacións. Nº 5
- ▶ Bolsas Leonardo da Vinci 2010-2012.
- ▶ Estatística de familias numerosas 2010.
- ▶ O papel dos viveiros de empresa en Galicia como axentes de promoción económica e xeración de emprego.
- ▶ Outono fotográfico 2010.
- ▶ Galicia. Informe do paro rexistrado. Setembro 2010.



Ver libro
normativa
en pdf



Ver
estadísticas
en pdf



NORMATIVA DOG

- ▶ Orde do 24 de setembro de 2010 pola que se modifica o prazo de xustificación das axudas reguladas na Orde do 14 de xuño de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de fomento do emprego en empresas de economía social e de promoción do cooperativismo e se procede á súa convocatoria para o ano 2010. (DOG nº 191, do 4.10.2010).
